



É un pracer presentarvos a **“VIII edición do Circuito de Carreiras Saudables CorreSan 2019**, un programa de carreiras organizadas pola Federación Galega de Atletismo e patrocinadas polo Concello de Santiago de Compostela a través do seu departamento de deportes. Este circuito entra dentro do labor de concienciación sobre os beneficios que a actividade física regular provoca na mellora da calidade de vida dos nosos cidadáns.

O circuito CorreSan representa unha iniciativa para Compostela que traslada o deporte ata os barrios e zonas onde normalmente xa se practican diferentes deportes, en especial o atletismo ou popularmente coñecido “running”.

O circuito estará aberto á participación de calquera deportista habitual ou eventual que desexe acceder á práctica libre do exercicio físico nos diferentes contornos da cidade. Nas probas terán cabida atletas de case todas as idades (de sub 10 (benxamíns) a máster (veteranos)) con distancias adaptadas a cada categoría que participen nas carreiras das que consta este circuito, o cal integrará un aliciente de motivación como é a competición.

A participación poderá ser individual ou formando parte de equipos, tanto federados como populares. Os escolares poderán a maiores formar grupos por centros escolares.

A continuación exporemos o regulamento xeral do circuito, pero antes de rematar gustaríame animarvos a que tomedes parte deste proxecto que continua adiante por oitava vez, polo noso interese por promover a práctica libre do deporte na cidade de Compostela.

**A Concelleira  
Esther Pedrosa Carrete**

## REGULAMENTO XERAL

A oitava edición do circuíto de carreiras **CorreSan** constará de 4 probas que se disputarán nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2019.

En cada proba haberá un percorrido para escolares das categorías Sub 10 e sub 12, un percorrido para as categorías sub 14 e sub 16, e outro para adultos a partir da categoría sub 18. As probas comezarán de xeito habitual polas probas de escolares e rematarán coa disputa da proba de adultos. Os horarios e circuítos das carreiras serán comunicados na semana anterior á disputa das mesmas nas páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.corresan.com](http://www.corresan.com).

Todas as probas estarán baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e empregarán o sistema de chip-dorsal que **deberá conservarse durante o transcurso do circuíto para os atletas que se inscriban nas 4 probas na modalidade de circuíto**, e poderá reciclarse no caso de atletas que só se inscriban a unha proba independente.

**Todos os atletas inscritos no circuíto que perdan este elemento deberán aboar a cantidade de 3 € para adquirir un novo dorsal - chip.**

## CATEGORIAS DE PARTICIPACION INDIVIDUAIS

As categorías\* de participación individuais serán as seguintes:

<b>SUB 10</b>	Nadas/os en 2010 e 2011
<b>SUB 12</b>	Nadas/os en 2008 e 2009
<b>SUB 14</b>	Nadas/os en 2006 e 2007
<b>SUB 16</b>	Nadas/os en 2004 e 2005
<b>SUB 18</b>	Nadas/os en 2002 e 2003
<b>SUB 20</b>	Nadas/os en 2000 e 2001
<b>SUB 23</b>	Nadas/os en 1997, 1998 e 1999
<b>SENIOR</b>	De 1996 ate máster
<b>MASTER 1</b>	De 35 a 44 anos
<b>MASTER 2</b>	De 45 a 54 anos
<b>MASTER 3</b>	De 55 anos en diante

**E= Escolares:(sub10, sub12, sub14 e sub16)**

**A= Adultos (dende sub 18 a máster)**

**\*As categorías deste circuíto manteranse durante todo o transcurso do circuíto.**

## MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN POR EQUIPOS

As categorías de participación por equipos serán as seguintes (**non se poderá duplicar a participación nun clube federado e equipo popular ou nun centro escolar e club federado**). Tampouco un mesmo equipo poderá ter dúas ou máis seccións (A, B, ...):

<b>CLUBES FEDERADOS ADULTOS</b>	<b>Atletas con licenza federativa</b>
<b>EQUIPOS POPULARES ADULTOS</b>	<b>Corredores con ou sen licenza federativa</b>
<b>CENTROS ESCOLARES</b>	<b>Corredores pertencentes a centros escolares</b>
<b>CLUBES ESCOLARES</b>	<b>Corredores Escolares pertencentes a clubes federados</b>

## CLASIFICACIÓNS

En cada proba establecerase unha clasificación individual por orde de chegada. Os participantes no circuíto levarán un número de puntos igual ao posto obtido en cada carreira **SÓ TENDO EN CONTA OS PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUÍTO**, de xeito que o primeiro clasificado obterá 1 punto, o segundo clasificado 2 puntos e así sucesivamente ... **OS ATLETAS QUE NON PARTICIPEN NALGUNHA PROBA DARÁSELLE UN NÚMERO DE PUNTOS IGUAL AO NÚMERO TOTAL DE PARTICIPANTES NA MODALIDADE DE CIRCUÍTO NA MESMA, DE XEITO QUE NON OBTEÑAN VANTAXE ALGUNHA DA NON PARTICIPACIÓN.**

**Para tomar parte nas clasificacións finais de circuíto, os participante deberán completar un mínimo de 3 das 4 probas do circuíto.**

Tamén se poderá participar inscribíndose soamente a calquera das catro probas do circuíto sen participar como "inscrito en circuíto" nin na súa clasificación.

Haberá unha clasificación de cada carreira e unha xeral do circuíto en cada categoría, que será modificada despois de cada carreira. A clasificación do circuíto realizarase en orde inverso, segundo se teña un menor número de puntos.

**NA CLASIFICACIÓN FINAL INDIVIDUAL DO CIRCUITO ELIMINARASE O PEOR RESULTADO OBTIDO NAS 4 PROBAS DO CIRCUÍTO.**

**PARA A CLASIFICACIÓN FINAL DE CLUBS E EQUIPOS POPULARES APLICARASE A SUMA DOS 4 MELLORES RESULTADOS DOS 4 MELLORES ATLETAS QUE OS COMPOÑAN.**

**OS EQUIPOS ESTARÁN FORMADOS POR UN NÚMERO MÍNIMO DE 6 COMPOÑENTES, SEN DETERMINAR UN NÚMERO MÁXIMO.**

Tamén estableceranse dous tipos de clasificacións:

- Clubs federados, sumando os puntos obtidos polos 4 mellores compoñentes do club que deberán estar inscritos todos na modalidade de circuíto e completar 3 das 4 probas (imprescindible realizar a inscrición reflexando o mesmo nome de equipo no formulario habilitado).
- Equipos populares, nos cales poderán entrar atletas federados e non federados formando equipos. Imprescindible realizar a inscrición reflexando o mesmo nome de equipo no formulario habilitado.
- Os equipos poderán ser masculinos ou femininos. Non se admitirán equipos mixtos nestas clasificacións.

As clasificacións dos clubs federados escolares e centros escolares realizarase unicamente por criterios de participación.

## CALENDARIO DE PROBAS E CIRCUÍTOS

As probas celebraranse nas datas que se expoñen a continuación. Os circuítos serán expostos nos días previos á celebración da carreira nas páxinas web [www.corresan.com](http://www.corresan.com), [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).

DATA	PROBA	DISTANCIAS APROX.
<b>21 de setembro</b>	<b><u>CORRESAN</u></b>	<b>1010 m (E1)</b>
	<b><u>NOCTURNA</u></b>	<b>1750 m (E2)</b>
	<b><u>CIDADE VELLA</u></b>	<b>5500 m (A)</b>
<b>12 de outubro</b>	<b><u>CORRESAN</u></b>	<b>1205 m (E1)</b>
	<b><u>RUTA DA PRATA-ANGROIS</u></b>	<b>2310 m (E2)</b>
		<b>5210 m (A)</b>
<b>03 Novembro</b>	<b><u>CORRESAN</u></b>	<b>1645 m (E1)</b>
	<b><u>RUTA DOS PARQUES</u></b>	<b>2520 m (E2)</b>
		<b>5700 m (A)</b>
<b>07 Decembro</b>	<b><u>CORRESAN</u></b>	<b>1000 m (E1)</b>
	<b><u>BARRIO DE SAN PEDRO</u></b>	<b>2000 m (E2)</b>
		<b>5000 m (A)</b>

**E1= ESCOLARES Sub 10 – Sub 12**

**E2= ESCOLARES Sub 14 – Sub 16**

**A= ADULTOS**

## INSCRICIÓNS

**INSCRICIÓN INDIVIDUAL:** A inscrición nas 4 probas do circuíto (**opción recomendable**), tanto para escolares como para adultos, poderán realizala a través da seguinte vía:

### - ONLINE:

A través das páxinas web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.corresan.com](http://www.corresan.com) (páxina oficial do circuíto).

### INSCRICIÓN POR CLUBS FEDERADOS, EQUIPOS POPULARES E CENTROS ESCOLARES

Todos os **clubs federados**, tanto de adultos (de xuvenil en diante) como de **atletas escolares**, **equipos populares de adultos** e **centros escolares** (categorías Sub 10, Sub 12, Sub 14 e Sub 16 (benxamín, alevín, infantil e cadete)) **que desexen entrar nos premios outorgados a eles deberán remitir un correo electrónico á dirección [info@corresan.com](mailto:info@corresan.com) indicando a súa intención de tomar parte nestas clasificacións e adxuntando o listado dos atletas que comporán o club federado, equipo popular ou centro escolar. Ditos atletas deberán estar inscritos individualmente e de xeito previo o inicio das probas indicando claramente o nome do club, equipo popular ou centro escolar. É moi importante que os atletas poñan correctamente E ESCRITO DO MESMO XEITO o nome do clube, equipo ou centro escolar.**

### PREZOS DA INSCRICIÓN

- |  |          |
|--|----------|
| - <b>ESCOLARES</b> (de sub 10 a sub 16 .....           | GRATUITA |
| - <b>ADULTOS</b> (de sub 18 a máster):                 |          |
| ▪ Xeral nas 4 probas do circuíto + San Silvestre ..... | 24 €     |
| ▪ Inscrición individual por proba .....                | 6 €      |

**Coa inscrición xeral no circuíto na categoría de adultos, estarán convidados a participar na carreira San Silvestre do 31 de decembro (PROBA NON PUNTUABLE NO CIRCUITO).** Ademais os participantes adultos e escolares, **recibirán unha camiseta técnica conmemorativa do circuíto e un dorsal-chip coa que poderán participar nas 4 probas e que poderán recoller no lugar indicado na páxina web [www.corresan.com](http://www.corresan.com) previamente a disputa da primeira ou segunda proba.** Os atletas que se inscriban individualmente en cada proba **NON PERCIBIRAN CAMISETA POLA SUA PARTICIPACION.**

O dorsal empregárase para as 4 probas e deberá conservarse axeitadamente en todas as probas do circuíto.

Os participantes de cada proba individual que non se inscriban no circuíto só recollerán o dorsal na zona de saída de cada proba, agás na 1ª que se recollerá no mesmo lugar que os participantes no circuíto.

### CALENDARIO DE INSCRICIONS

**A inscrición xeral no circuíto CorreSan (4 probas) abrirá o martes 3 de setembro e pecharase o mércores 18 de setembro ás 14 horas. Abrirase un 2º prazo antes da carreira CorreSan Ruta da Prata - Angrois**

A inscrición individual en cada proba do circuíto terá o seguinte calendario de inscricións:

CorreSan - Nocturna Cidade Vella  
CorreSan - Ruta da Prata-Angrois  
CorreSan - Ruta dos Parques  
CorreSan - Barrio de San Pedro

Inscrición do 3 de setembro ao 18 de setembro  
Inscrición do 24 de setembro ao 10 de outubro  
Inscrición do 15 ao 31 de outubro  
Inscrición do 5 de novembro ao 4 de decembro

## **PREMIOS**

---

Os premios ó circuío serán entregados nas semanas posteriores á conclusión da derradeira proba nunha gala xeral do circuío 2019.

Outorgaranse premio aos 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.

Tamén se entregarán premios especiais aos 3 primeiros clasificados das clasificacións xerais de escolares e de adultos.

Os 3 centros escolares e clubs federados que acheguen máis participantes á categoría de escolares percibirán premio especial.

Os 3 clubs federados **MASCULINOS** e **FEMENINOS** e os 3 equipos populares **MASCULINOS** e **FEMENINOS** que obteñan menos puntos na clasificación das probas do circuío (sumando os puntos dos seus 4 mellores compoñentes).

Para poder tomar parte nestas clasificación é imprescindible inscribirse indicando o nome do club ou equipo ou centro escolar (escrito do mesmo xeito) no formulario e remitir ao correo [info@corresan.com](mailto:info@corresan.com) o listado cos compoñentes dos mesmos.

TODA A INFORMACIÓN RELATIVA A CIRCUÍTOS, LUGARES DE RECOLLIDA DE DORSAIS, ETC. PODERÁ CONSULTARSE NAS PÁXINAS WEB [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) , [www.corresan.com](http://www.corresan.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) .

Todo o non recollido no presente regulamento rexerese pola normativa de probas en ruta da **FGA** e da **RFEA** en vigor.

### **RESPONSABILIDADE**

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade.

A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes ás probas do circuío.

### **LOPD**

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.